



## **Bárbara Grandío**

Formada con mestres da talla de Juan Carlos Corazza ou John Strasberg, Bárbara Grandío consolidou unha carreira versátil en teatro, cinema e televisión. Conta cunha sólida traxectoria que inclúe series como *A Estiba* ou *Gran Hotel*, e cinema de autor como *La historia de un satélite*, traballo

polo que foi nomeada a Mellor Actriz nos Premios Mestre Mateo. En teatro, tras anos de xiras coa compañía Teatro da Estada, destacou en montaxes de éxito como *Los miércoles no existen*.

Participou en catro temporadas de *La que se avecina* e tamén en filmes como *Historias lamentables*, de Javier Fesser. Sobre os escenarios acumula máis de vinte montaxes teatrais. Compaxina a interpretación co desenvolvemento de proxectos propios.